

TEMA 6: SEGUNDO ISAÍAS

Deus intervén na historia coa súa forza liberadora

Is 40, 1-11

"Consolade, consolade o meu pobo"



Ambientación

Antes de achegarnos ao texto preparamos o noso interior para acollelo como Palabra de Deus. Durante uns **minutos de silencio** pedímoslle ao Deus da Vida que nos abra os ollos para recoñecelo presente entre nós, actuando na nosa historia. Despois da pausa **cantamos xuntos** un canto apropiado.

Antes de comezar buscamos **Is 40,1-11**.

Miramos a nosa vida

Pedro é voluntario de CARITAS na súa parroquia. Varios días á semana cataloga roupa, ordena alimentos e reparte racións, pero el sabe que non é iso o máis importante. Ao chegar a casa cóntalle á súa muller: “Hoxe chegou un home novo. Non pasaba dos corenta. Mandeino pasar e pregunteille que necesitaba, para darlle. Dixo que necesitaba alimentos. Pero aquel home comezou a falar sen présa. Dúas horas estiven escoitándoo. Vive só. Perdeu o seu traballo fai tres anos e non consegue inserirse no mundo do traballo. A súa muller deixouno e levou os seus dous fillos. El afastouse do seu pobo por vergoña e converteuse nun transeúnte que vai de albergue en albergue pedindo, entre tanto, unhas moedas á xente... Ao final deime conta de que retirar alimentos non era o fundamental. Despediuse de min cun abrazo. E díxome: Escoitáchesme con atención e trataches de entenderme. Iso vale máis que todo o que poidas darme. Grazas”.

- *Coñeces casos parecidos?*
- *Tiveches algunha vez a experiencia de ser consolado? Cóntaa ao grupo.*
- *Que persoas necesitan hoxe alento e proximidade?*

Escoitamos a Palabra de Deus

O pobo de Israel no exilio estaba desanimado. Quedouse sen rei, sen templo, sen terra e a súa esperanza, marchita, estaba a deixar paso ao desalento. O profeta, de parte de Deus, ofrécelle consolo e dálle motivos para poñerse en pé e facer revivir a esperanza.

- Para facernos conscientes de que imos escoitar a palabra de Deus preparámonos cuns **momentos de silencio**.
- Proclamación de **Is 40,1 -11**.

*¹Consolade, consolade o meu pobo:
-díó o voso Deus.*

*²Faládelle ó corazón de Xerusalén;
si, dicídelle ben alto
que a súa milicia está cumprida,
que a pena pola súa culpa está aceptada.
Si, xa recibiu da man do Señor
o dobre por todos os seus pecados.*

³Unha voz clama:

*"No deserto preparádelle
o camiño ó Señor.*

*Endereitádelle na estepa
a calzada ó noso Deus.*

*⁴Que todo val sexa levantado,
que todo monte e outeiro sexa rebaixado;
que a terra fragosa se volva unha chaira;
e as ladeiras, un val achanzado.*

*⁵Pois vaise revelar a gloria do Señor,
e toda carne verá o Único.
Falou a boca do Señor".*

*⁶Unha voz di: "Clama".
El responde: "¡Que vou clamar!".*

*"Toda a carne é herba;
e toda a fidelidade da carne, flor do campo.*

*⁷Seca a herba, murcha a flor,
cando o alento do Señor sopra nela.
(Si, o pobo é a herba).*

*⁸Seca a herba, murcha a flor,
pero a palabra do noso Deus
mantense firme para sempre".*

*⁹Sube a un monte alto,
mensaxeira de Sión,
levanta con forza a túa voz,
mensaxeira de Xerusalén,
levántaa, non teñas medo.
Dilles ás cidades de Xudá:
"Velaí o noso Deus".*

*¹⁰Velaí o meu Señor Iavé que chega con poder;
si, o seu brazo domina.
Velaí a súa paga con el,
o seu xornal diante del.*

*¹¹Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño,
recólleo co seu brazo,
leva ós añaños no seo e protexe os que aínda maman.*

- **Lemos de novo a pasaxe persoalmente** e tentamos comprender o que di, axudados das notas da Biblia.
- Todos xuntos tratamos de responder ás seguintes preguntas:
 - *Que personaxes interveñen no texto?*
 - *Que di cada un deles?*

- *Que imaxes utiliza o profeta para dar a súa mensaxe ao pobo?*
- *A que lle está convidando con esas imaxes?*

Volvemos sobre a nosa vida

R. Tagore, un poeta da India di: "Cando o camiño me canse non che pido que me fales, senón que me deas a man". A palabra inicial de consolo, para que sexa auténtica, necesita o compromiso. Precisa, como os exiliados de Israel, sentir que Deus os reúne e os leva en brazos, preocúpase de verdade por eles. Imos reflexionar sobre as implicacións que pode ter isto nas nosas vidas.

- *Somos a voz de Deus que consola?*
- *A quen e como podemos consolar, liberar, axudar?*

Oramos

Sabemos que non podemos ofrecer consolo e apoio se nós mesmos non estamos unidos a Cristo, a fonte de todo consolo. Imos reafirmar a nosa unión con El e a pedirlle que nos axude a animar, axudar e liberar.

- Lemos de novo **Is 40,1-11**.

- Cada un ora persoalmente a partir do que a pasaxe da Escritura suxírelle para dicir a Deus e pedindo saber poñer en práctica a invitación que o Señor lle fai.
- Cada participante pode expresar en voz alta unha breve pregaría reflexo da súa oración ao Señor.
- Podemos terminar o encontro **cantando** "Faime instrumento da túa paz".

Señor, fai de min un instrumento da túa paz.

Que alá onde hai odio, eu poña o amor.

Que alá onde hai ofensa, eu poña o perdón.

Que alá onde hai discordia, eu poña a unión.

Que alá onde hai erro, eu poña a verdade.

Que alá onde hai dúbida, eu poña a Fe.

Que alá onde hai desesperación,
eu poña a esperanza.

Que alá onde hai tebras, eu poña a luz.

Que alá onde hai tristeza, eu poña a alegría.

Oh Señor, que eu non busque tanto ser consolado,
canto consolar,
ser comprendido,
canto comprender,
ser amado, canto amar.

Porque é dándose como se recibe,
é esquecéndose de si mesmo
como un atópase a si mesmo,
é perdoando, como se é perdoado,
é morrendo como se resucita á vida eterna.

Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar un pouco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px.145 a 158.